

## **INSTRUCCIÓN 17/2012, SOBRE PROCEDEMENTO DE RENUNCIA DE CONVOCATORIAS.**

A *Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster*, aprobada no Consello Social do 5 de xuño de 2012, e publicada no DOG do 17 de xullo de 2012, establece que as convocatorias serán sucesivas entendéndose esgotadas aínda que os estudantes non se sometan a ningunha das dúas oportunidades de avaliación. A cualificación será de suspenso cando o estudante non se presente ou non supera os obxectivos establecidos. Non obstante o anterior, admitirase unha renuncia sen causa que o xustifique por cada materia. Ademais, se nalgunha das convocatorias se acredita a existencia dun suposto de forza maior ou situación excepcional que impida a realización das actividades programadas, poderá solicitarse a anulación da convocatoria en que concorra o feito que impidise a súa realización. A anulación deberá ser concedida ou denegada de forma motivada polo reitor, que poderá solicitar os informes que considere oportunos.

Pola súa banda, a Instrución de Secretaría Xeral nº 8/2012, sobre aplicación das normas de permanencia no curso 2012-13, establece que os estudantes poderán renunciar á convocatoria de avaliación sen necesidade de xustificar causa algunha unha única vez por materia. A citada renuncia sen causa que a xustifique, deberá realizarse con unha antelación mínima dun mes antes do inicio do período de celebración das probas. A estes efectos se habilitará un procedemento telemático a través da secretaría virtual. Fóra deste prazo só poderá solicitarse a renuncia ás convocatorias por causas de forza maior, que deberán ser debidamente acreditadas e se tramitarán nas Unidades de Xestión Académica.

Por último, a Instrución de Secretaría Xeral nº 10/2012, sobre matrícula do TFG, permite ao alumnado matriculado do Tráballo de Fin de grao que non reúna os requisitos para poder presentalo, solicitar a renuncia da convocatoria para ese curso académico.

Cómpre, polo tanto, establecer o procedemento de renuncia ás convocatorias de avaliación para o curso 2012-13:

### **PRIMEIRO.- Procedemento**

O alumnado poderá renunciar á convocatoria de avaliación, unha única vez por materia, sen necesidade de xustificar causa algunha mediante o procedemento telemático establecido na Secretaría Virtual.

Realizada a solicitude, anotarase tal circunstancia no expediente do

alumno que obterá un resguardo coa listaxe das renuncias aceptadas.

Non será posible renunciar a unha convocatoria unha vez realizada a totalidade da avaliación da materia.

### **SEGUNDO.- Prazos**

Para o curso 2012-13 os prazos para efectuar a renuncia serán os seguintes:

- Materias do primeiro semestre: Do 3 de decembro ao 15 de decembro de 2012, ámbolos dous incluídos.
- Materias do segundo semestre e anuais: Do 1 de abril ao 14 de abril de 2013.
- Traballos de Fin de Grao e Máster: Do 22 de xullo ao 30 de xullo de 2013.

A renuncia debe efectuarse nos prazos anteriormente establecidos en función da data establecida na programación académica para a impartición da materia, sen que sexa posible renunciar só para a segunda oportunidade.

A renuncia non se poderá autorizar para materias de intercambio recollidas nos contratos ou compromisos de estudos, nin para materias de prácticas ni practicum unha vez adxudicadas as prazas.

### **TERCEIRO.- Efectos**

A renuncia dunha convocatoria implica a imposibilidade de presentarse en todas as oportunidades do curso académico, e o alumnado non figurará nas actas. No expediente figurará coa mención de “renuncia”.

A renuncia non xerará dereitos de devolución de prezos públicos.

Non terá efectos a renuncia a unha convocatoria unha vez realizada a totalidade da avaliación da materia. No caso de detectarse esta circunstancia procederase a eliminar a renuncia do expediente e imputar a cualificación correspondente.

Unha vez aceptada a renuncia non será posible renunciar a esta solicitude.

### **CUARTO.- Renuncias por causa de forza maior**

As renuncias por causas de forza maior serán solicitadas e presentadas por escrito diante das Unidades de Xestión Académica, ou por calquera dos sistemas establecidos no artigo 38 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. As solicitudes deberán estar debidamente xustificadas e acreditadas. A ausencia de acreditación determinará o seu rexeitamento.

Na instrución do expediente poderá solicitarse calquera informe que se estime oportuno.

A resolución que remate o expediente admitirá ou denegará a solicitude de renuncia de forma motivada.

**QUINTO .- Renuncia nos casos nos que o alumnado non reúna as condicións para presentar os Traballos de Fin de Grao e Máster.**

O alumnado matriculado do TFG ou TFM que non reúna os requisitos para poder presentalo, poderá solicitar a renuncia da convocatoria para ese curso académico. Esta solicitude realizarase de forma telemática na Secretaría Virtual ata o 31 de xullo de 2012.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2012.

A Secretaria Xeral



Lourdes Noya Ferreiro